

U-la chave do tesouro?

Manual Técnico de Uso

xullo 2022

[Beatriz Real & Ángel Cañas]

LICENCIAS POR ESTUDOS 2021/22



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Manual Técnico de Uso.	2
1- Xustificación das tecnoloxías empregadas.....	2
2- Medios e formatos estándares utilizados.....	3
3- Detalles técnicos de software e hardware necesarios.	3
4- Pasos que se deben seguir para a instalación.	3
-Instalación en computador fixo ou portátil:	3
-Instalación na plataforma moodle:	3

Manual Técnico de Uso.

1- Xustificación das tecnoloxías empregadas.

Este recurso dixital educativo en formato web educativa está elaborada co programa de autoría Exe-learning (<http://exelarning.net/>), e de edición HTML, Atom. Escollemos estes programas pola gratuidade, pola sinxeleza do manexo e polas posibilidades avaliativas e de retroalimentación que ofrece. Eis:

- Exe-learning permite unha presentación clara dos contidos, así como un manexo doado, intuitivo e rápido.
- Ofrece un abano de modelos de creación de actividades, claras e áxiles para executar, que permiten a retroalimentación na aprendizaxe (exercicios de verdadeiro/falso, test, escolla de opción a, b, c, d, completar ocos, etc.). A maioría son de autoavaliación formativa; é dicir, non se limitan a ofrecer a cualificación obtida, senón que mostra a resposta correcta, explica (cando é o caso) a causa do erro e permite enviar mensaxes estimuladoras da aprendizaxe.
- Permite incluír contidos elaborados con outras ferramentas educativas, así como audios e imaxes que facilitan a aprendizaxe significativa.

U-la chave do tesouro?

2- Medios e formatos estándares utilizados.

- Formato de imaxes empregados foron os seguintes:

JPG, PNG, GIF.

-Linguaxe HTML5 e follas de estilos CSS3

-Script de linguaxe Java.

-Audios en formato .mp3 e vídeos en formato .mp4

3- Detalles técnicos de software e hardware necesarios.

Navegador web estándar, Edge ou superior, Mozilla Firefox ou superior, Google Chrome, Opera, Safari...

4- Pasos que se deben seguir para a instalación.

-Instalación en computador fixo ou portátil:

Para executala desde un computador só fai falla descomprimir o arquivo comprimido **.zip** no noso computador, localizar a carpeta no mesmo, entrar nela para localizar o arquivo **index.html**, doble clic nel e xa se abre no navegador web que teñamos predeterminado no computador.

-Instalación na plataforma moodle:

1º paso: escoller e crear o lugar desde o que ficará dispoñible (por ex. “Recursos de lingua galega”).

Abrir a carpeta “arquivos” e crear aquí un novo cartafol ao que nomearemos “U-lachave do tesouro?”, abrilo, e desde este cargar o arquivo zip. Posteriormente, descomprimilo nese mesmo directorio.

Agora só falta volver a “Recursos de lingua” para cargar a páxina web: desde “Engadir recursos” despregar “enlace a unha páxina web”; a continuación, búscase a rota que conduce ao índice do cartafol “U-la chave do tesouro?”. Prémese en “escolla” e xa se pode executar.

U-la chave do tesouro?

Pódese instalar en calquera outro sitio web ou plataforma educativa, tipo Moodle ou similar que soporte o formato SCORM.